

<https://info.nodo50.org/Contra-la-privatizacion-de-Correos.html>



Contra la privatización de Correos

- Noticias - Noticias Destacadas -



Fecha de publicación en línea: Jueves 15 de abril de 2010

Copyright © Nodo50 - Todos derechos reservados

Carta del escritor gallego Darío Xohán Cabana en contra de la privatización de Correos. Relata su propia experiencia como habitante de una pequeña parroquia del Concello de Lugo, Romeán, destacando la importancia de que exista un servicio público de correo en el que todas las cartas sean tratadas igual, independientemente de si llevarlas a su destino es rentable o no.

Las fotografías que ilustran este artículo son de la manifestación de los trabajadores/as de Correos celebrada en Madrid el 14 de abril con motivo de la jornada de huelga convocada para defender la viabilidad del servicio público de Correos y reivindicar unas condiciones de laborales dignas.

Carta Darío Xohán Cabana

Romeán (Lugo), 7 de abril de 2010.

Eu vivo nunha parroquia do Concello de Lugo que se chama Romea n, a dez quilo metros da capital. Cando me mandan unha carta ou un paquete por unha desas axencias de transportes que chaman mensaxerías, a s veces reci booben, pero a miu do ten o problemas. A s veces entre ganmo tres ou catro di as despois, cando o contrato os obrigaba a entregarmo no di a seguinte. A s veces le vano primeiro a Outeiro de Rei ou o Corgo, e despois chaman por tele fono preguntando onde e Romea n. Romea n e un topónimo u nico en Galicia, e a parroquia existe dende hai ma is de mil anos, pero eles non saben nin onde esta . Algunhas veces incluso me ren eron por vivir nun lugar tan reco ndito. Romea n aparece no Nomenclator de Galicia, nos mapas de escala 1:250.000, en todos os atlas de Galicia, na maioria dos atlas de Espan a, nas catro enciclopedias galegas alfabe ticas, na web do Concello de Lugo e nunha chea de sitios en Google, pero eles seguen sen saber onde esta . Romea n ten un co digo postal, o 27141, pero a s veces eles usan programas informa ticos onde non sae ese nu mero. E re n enme a min, que vivo nunha parroquia milenaria e nunha casa que ten bastante ma is dun se culo de existencia.

A s veces nin sequera me chaman, e deixan durmir o paquete nos seus almace ns. Algunha vez tiven sorte e localiceino varios meses despois, cuberto de po , nunha nave do Ceao. Outras veces supono que se perderi an definitivamente. Son empresas privadas, e esta de moda dicir que as empresas privadas funcionan ben. Funcionan cando lles conve n, ou cando saben e non lles custa moito traballo.

Isto non me pasa nunca con Correos, que e unha empresa pu blica e que funciona ben sempre, conve n alle ou non. Correos sempre sabe onde vivo, e as cousas che ganme sempre ai nda que lles custe traballo o s seus funcionarios. O s seus traballadores. Se tal di a coma hoxe pola man a pon en en Vigo unha carta pra min, eu sei que man a a vou recibir. Traima a carteira, que e unha funcionaria. Chega co seu coche por unha corredeira non moi boa, pero perfectamente practicable pra min e pra ela, e de ixama no buzo n. E se e certificada peta a porta e entre gaa, con palabras sempre corteses e sen protestar porque vivamos nunha aldea.

Correos e patrimonio de todos. Correos mante n as comunicacio ns incluso onde non e rendible o reparto. Correos e un verdadeiro servizo, e os carteiros e as carteiras rurais fan que nosoutros, os aldea ns, vivamos no mundo. Todos temos que defender Correos e todos temos que apoiar os traballadores de Correos contra a mercantilizacio n do servizo; pero ma is ai nda ca ningue n temos que defendelos os galegos que vivimos nas aldeas, pois sen eles, sen o seu traballo constante e entregado, quedariamos case coma illados, case fo ra da corrente principal da vida

moderna. De cada pouco andan falando de empeorar o servizo de carteri a rural, con ideas peregrinas propias de persoas que ignoran ou queren ignorar a peculiar estrutura da poboación galega, o que é entre nós unha parroquia, un lugar, unha aldea. Non o podemos permitir, e por iso debemos apoiar a loita dos traballadores de Correos por manter esa extraordinaria estrutura de servizo público que iguala o habitante da aldea co habitante da cidade. E debemos apreciar e louvar e chufar o seu traballo, e pedirilles o que nos envián cartas que usen sempre Correos, o servizo público, a empresa de todos, o patrimonio común, estatal, valiosísimo. E de camiño, debemos pedir tamén que lles paguen un pouco mellor por un traballo que vale máis do que xeralmente se reconece, pois é un alicerce fundamental da vida civilizada.

Mas información

- [[-](#)] [Página de Darío Xohán Cabana en Wikipedia](#)
- [[-](#)] [Sobre las movilizaciones del 14 de abril de 2010](#)
- [[-](#)] [Argumentos y datos contra la privatización de Correos](#)